

COMISIÓN DE SELECCIÓN FACULTATIVO DO SERVIZO DE DIAGNÓSTICO POR IMAXE DO HVU-RC CON CARÁCTER TEMPORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL DA TITULAR (Convocatoria 2 de novembro de 2023; anuncio DOG nº 208)

ACTA Nº 3

En Lugo, a 14 de decembro de 2023, ás 9:00 horas, na Biblioteca do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC), réunese a comisión de selección para a realización da fase II en formato de oposición mediante a realización da proba selectiva para cobertura de forma temporal de un posto de facultativo veterinario do Servizo de Diagnóstico por Imaxe mentres dure o proceso de incapacidade temporal da titular (praza 651PND08) por convocatoria remitida polo secretario da comisión seguindo instrucións do presidente. Están presentes o Presidente, Antonio González Cantalapiedra, e o Secretario, José Daniel Barreiro Vázquez.

A cualificación obtida no primeiro exercicio do único candidato, Iván López Alonso, é de 50 puntos. Considerándose que a puntuación mínima de 12,5 puntos foi acadada polo candidato, convócase a este para a realización do segundo exercicio.

A continuación, no horario establecido (10:15) procédese a realizar o segundo exercicio de tipo práctico nas instalacións do Servizo de Diagnóstico por Imaxe do devandito HVU- RC, que consta na realización pormenorizada dun protocolo de exploración ecográfica abdominal no can. O candidato, tralo tempo estipulado de 45 minutos, acada unha puntuación total de 16,25 puntos. Tendo superado a puntuación mínima de 12,5 puntos, consideramos que o candidato supera a proba práctica.

En total a puntuación total acadada polo candidato na fase II de oposición é de **66,25 puntos**, tendo superado a puntuación mínima de 30 puntos.

A comisión establece que o único candidato presentado, Iván Alonso Fernández, supera os criterios esixidos para a provisión da praza de cobertura temporal da praza indicada, e polo tanto é proposto para ocupar o posto laboral en concurso.

Non habendo outros candidatos, non procede a elaboración dunha listaxe de agarda para a cobertura da praza en concurso.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11:30 horas,.

José Daniel Barreiro Vázquez
Secretario

Antonio González Cantalapiedra
Presidente